

## ELECCIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR (Resolución do 10 de setembro de 2024)

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na *Resolución do 10 de setembro de 2024* da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, proximamente levarase a cabo neste centro a **RENOVACIÓN PARCIAL DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR** que, como é sabido, é o órgano que constitúe o instrumento de participación dos membros da comunidade educativa na vida escolar, a través dos representantes dos distintos sectores no Consello Escolar.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- O director do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor/a legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro na **Sala de Usos Múltiples (corredor D esquerda): o día 18 de outubro, ás 09:45h.**

Este curso corresponde renovar 2 profesores/as, 3 membros do persoal de administración e servizos e 4 pais, nais ou titores/as legais. Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral. Toda a información xeral do proceso de eleccións de membros do Consello Escolar figurará no taboleiro situado no corredor D esquerda e no corredor principal.

Ferrol, 11 de outubro de 2024  
A dirección